

contraportada



# sentir do finxidor

**Aínda que non o semella -nin pola forma nin polo contido-, "Alga e fungo" é unha edición de autor; un libro que, ó tempo, convértese nunha fuxida cara adiante xurdida nos únicos sete meses da vida de SANTIAGO PROL (Maceda, Ourense. 1960) nos que se sentiu poeta .**

Texto: CARLOS CRESPO. • Fotos: J.L. OUBIÑA

**DESPOIS DE** tanto ler e de tanto escribir, un bo día, de súpeto, un dase conta de que cun par de liñas, a palabra precisa e un espazo en branco, un é capaz de expresar todo aquilo que doutro xeito tanto lle costa dicir. Discorre, de pronto, que aquilo debe ser poesía e a partir de entón déixase seducir pola sucesión de emocións levadas ata o límite, pola amarga certeza do cotiá, pola destrucción mesma.

E así, desta confrontación e da sorpresa naceu *Alga e fungo*, o poemario escrito e editado por Santiago Prol, un profesor de inglés do colexio de Baño (Valga) que no seu libro o mesmo cita a Borges que inclúe nos agradecementos ós spots televisivos de Martini, "os de antes", xa saben, "donde estás y a la hora que estás..."

— "Alga e fungo" é o seu primeiro libro e tivo que ser editado por vostede. ¿Foi unha opción premeditada?

— Non, nin moito menos. Eu rematei o libro en xullo do 96 e despois, o de sempre, presentéino a un par de premios sen ningún resultado. Dende aquela quedou metido nunha carpeta ata que este ano, animado polo meu amigo Ramón Caride, decidínme a editalo eu, do que me sinto moi satisfeito.

— Vostede dicía nunha entrevista recente que o seu vencello coa poesía foi "a tempo parcial"

— Sí, o certo é que eu estaba escribindo unha especie de diario novelado, ata que un

día dinme de conta de que aquilo que quería expresar salame mellor en prosa poética que na prosa habitual. Esa etapa durou sete meses, os que tardei en escribir este libro, e dende entón -fai xa máis de dous anos- non volvin a facer poesía.

— Pero segue a escribir.

— Sigo escribindo, si, e aínda que agora estou facendo un traballo de investigación, estou desexando rematalo para retoma-la creación literaria, e máis concretamente para rematar unha novela coa que xa levo moito tempo.

— ¿Por qué *Alga e fungo*?

— Alga e fungo é o inicio dun poema meu que non está publicado aquí, pero quíxen recuperalo como título porque coído que esa dúas verbas representan moi ben a parte feminina e a masculina das persoas, e a maior parte do libro ten un *el/ela* constante.

— Déixeme dicirlle que a súa vitalidade contrasta de xeito ben brusco con ese tono case sempre atormentado e turbulento, con esa paisaxe final de suicidios e emarguras que caracterizan o libro

— Hay un poema de Fernando Pessoa que define perfectamente esa situación. Di Pessoa que "o poeta é un fingidor / finge tão completamente / que chega a fingir / que é dor / a dor / que deveras sente.

Para min esa é a definición do que é a miña poesía. Eu non sabería expresalo mellor. Son situacións completamente ficiona-

das pero que nun momento dado pódese identificar con elas.

— Os seus poemas case sempre se centran no perdedor. ¿Interésalle esa figura?

— Por suposto. Eu sempre me solidarizarei con esa maioría silenciosa que se enfrenta cos que van por aí avasallando e pisando a todo o mundo.

— ¿Hai moito de búsqueda -persoal ou allea- no que escribe?

— O que hai é unha reflexión arredor de un estado emocional, que poderá ser real ou ficticio, pero que seguro que pode ser identificable por calquera que o lea.

— Boa parte do libro está escrito en terceira persoa, ¿por que?

— Nunha ocasión lin unha cita de Borges que dicía que "Sherlock Holmes vivía moi cómodo en terceira persoa". É certo, é moi cómodo expresarse en terceira persoa porque aínda que un se sinta protagonista consegue distanciarse do escrito.

— ¿En vostede, hai máis de alga ou de fungo?

— A min encantárame que houbera máis da parte feminina que da masculina, quizais porque a masculina coñézoa mellor.



"Que pouco ofrecemos os poetas de fábulas perdidas e pola contra canto demandamos a cambio" escribe Santiago Prol. Pero non é unha xustificación nin un

reproche. Semella máis ben un xogo, un artificio, como toda a súa obra, como toda a poesía.

Neste o seu -e nunca mellor dito- primeiro libro, Prol déixase seducir sen escrúpulos por continuas interferencias, polo que lle resulta recoñecible e próximo. Para el e para o lector que, como o espectador incauto, remata por sucumbir atrapado nos magnetismo dos sentimentos e das palabras.

De "Algas e fungos" sempre se citan as súas referencias ó cotiá. Pero non se trata tan só de que o autor inclúa nos seus poemas alusións a Internet ou de ambientalos nun Xantia turbo diesel. No, o verdadeiramente importante e que o cotiá destes versos sitúanos no terreo do

querer e non poder, da ambigüidade mal calculada, do camiño sen retorno da mutua destrucción. Como se de unha revisión literaria de "Thelma e Louise" se tratase, o protagonista -sempre el-, e mesmo o lector rematarán por darse

conta de que a fuxida pasa inevitablemente por pisar a fondo o acelerador e precipitarse ó abismo... Afortunadamente, Prol contempla a posibilidade de que nese momento algún faga *zapping* e consiga salvarnos a vida.

